



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: Aprobación da concesión das subvencións dirixidas a entidades sociais para o ano 2025 do Concello de Betanzos. Expediente: 2025/A002/000013.

EXPEDIENTE: 2025/G003/002016

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. No BOP da Coruña nº 134 do 16.07.2025 publicáronse as Bases Reguladoras de subvencións dirixidas á entidades deportivas para o ano 2025, do Concello de Betanzos así como o extracto da mesa enviada por medio da BDNS (Identif.): 845351.

SEGUNDO. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, mediante Decreto de Alcaldía nº 1894/2025 de data 17.10.2025 convócase a comisión de valoración.

TERCEIRO. Acta da Comisión de Valoración de data 20.10.2025 na que propón o reparto de puntos e a contía a conceder a cada beneficiario.

CUARTO. Remisión de información requirida pola comisión de valoración á entidade correspondente.

QUINTO. Informe da Intervención de data 21.10.2025, no que se recolle que : *“Cómpre sinalar que as entidades que solicitan subvención municipal e declaran non ter solicitado outras axudas para os mesmos fins para os que solicitan a subvención municipal deberán ter en conta o seguinte. Se no tempo que transcorre dende que se solicitou a subvención ata que se xustifique, calquera delas obtén outra achega para a mesma finalidade, deberá decláralo poñéndoo en coñecemento do concello. E isto por canto que se a suma de todas as achegas recibidas para a mesma finalidade (incluídos os ingresos dos socios) superan o custo do gasto subvencionado polo concello, deberá reintegrar a subvención no importe que supere o custo de tal actividade.”*

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións (RXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e demais axudas públicas

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

- Bases de execución do orzamento do Concello de Betanzos.
- Base reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sociais para o ano 2025.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Segundo o disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

A efectos desta lei, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Neste suposto, e sen prexuízo das especialidades que puidesen derivarse da capacidade de autoorganización das Administracións públicas, a proposta de concesión formularase ao órgano concedente por un órgano colexiado a través do órgano instrutor.

A composición do órgano colexiado será a que establezan as correspondentes bases reguladoras. Excepcionalmente, sempre que así se prevexa nas bases reguladoras, o órgano competente procederá ao prorrateo entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Excluir a seguinte solicitude por non cumprir cos requisitos para obter a condición de beneficiario reguladas no punto 3 das bases reguladoras, concretamente o apartado que di “*Estar inscrita no rexistro de asociacións do Concello de Betanzos en data previa ao inicio do prazo de solicitude destas axudas*”:

CIF	NOME DA ENTIDADE
G15034176	Asociación Pro Enfermos Mentales de A coruña APREM

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

SEGUNDO.- Conceder e dispor o gasto con cargo aplicación orzamentaria 231/489.00 por importe de 16.719,79 euros repartido do xeito e ás entidades que se indican a continuación:

Nome da entidade	Importe concedido
Asociación Española contra o Cancro Betanzos G28197564	1.740,00 €
Asociación Mirabal G70312954	2.400,00 €
Cáritas Betanzos R1500053B	4.400,00 €
Cruz Vermella Betanzos Q2866001G	8.179,79,00 €
Total	16.719,79 €

TERCEIRO.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago do anticipo do 80% da subvención concedida ás asociacións que o solicitaron segundo o exposto a continuación:

Nome da entidade	Importe Concedido	Anticipo (80%)
Asociación Mirabal G70312954	2.400,00 €	1.920,00 €
Cruz Vermella Betanzos Q2866001G	8.179,79 €	6.543,83 €
Total		6.543,83 €

CUARTO.- Notificar electronicamente esta resolución a todas entidades solicitantes, outorgándolles un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións.

QUINTO.- Segundo o establecido no punto 5.3 das bases reguladoras o prazo para a xustificación das subvencións comenzará ao día seguinte da publicación da resolución de concesión definitiva e rematará o 1 de decembro de 2025.

A xustificación farase segundo o establecido no punto 5.3 das bases reguladoras.

SEXTO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa O secretario (Asinado a efectos do artigo 3.2 do R.D 128/18, do 16 de marzo)
María Barral Varela Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

